

## DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS DE DOCENCIA EXPOSITIVA E INTERACTIVA E CAMBIO DE GRUPO

(Comisión Permanente 24 de xullo de 2014)

(Modificación do procedemento establecido pola Xunta de Escola de data 26 de outubro de 2006)

A resolución de 15 de xuño de 2011, pola que se publica a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobado no Consello de Goberno da USC, establece que entrementes o Consello de Goberno non aprobé unha normativa xeral sobre cambios de grupo, os centros establecerán os criterios tanto para a asignación como para o cambio de grupo.

Procedemento de distribución do alumnado entre os distintos grupos, solicitude de cambio de grupo e a súa resolución:

- 1.- A distribución de grupos de seminario e de titorías queda delegada nos coordinadores das materias.
- 2.- Corresponderá á Dirección do Centro a distribución dos alumnos entre os diferentes grupos expositivos e interactivos previstos no PDA. Dita distribución farase por orde alfabética de apelidos e publicarase a comezos de cada cuadrimestre nos medios de información da Escola.
- 3.- O alumnado poderá solicitar cambio de grupo de docencia expositiva e interactiva. Para elo establécense tres modalidades de solicitude:

- Permuta (Intercambio de Grupo entre 2 estudantes):

Estudantes do mesmo curso que presenten a súa solicitude xunto cos datos e sinatura doutra/o estudante, co obxecto de permutar grupo entre eles.

A concesión, unha vez verificadas as solicitudes, é automática.

Salvo situacións excepcionais que deben acreditar as/os solicitantes, esta permuta implicará o cambio de grupo para todas as materias do curso.

-Cambio de grupo xustificado:

Estudantes que acrediten unha situación que lles impida asistir ás clases do grupo que lle corresponde por apelidos (motivos laborais, familiares, físicos, de transporte, incompatibilidade horaria entre materias de distintos cursos, programas de intercambio de mobilidade, cursos ponte...).

No suposto de que a solicitude se base no solapamento de horarios de materias non é necesario que aporte ningunha documentación. Só será necesario que na solicitude indique o nome das materias nas que se produce o solapamento e as materias e grupos para os que solicita o cambio.

A concesión dos cambios estará condicionada pola capacidade docente dos distintos grupos.

-Cambio de grupo non xustificado:

Os estudantes poderán solicitar o cambio de grupo sen presentar ningunha xustificación e a súa aceptación dependerá da capacidade docente dos distintos grupos.

4.- Realizarase unha convocatoria a comezo de cada cuadrimestre na que se establecerán dous prazos, un primeiro prazo para os alumnos matriculados no período ordinario de matrícula e un segundo prazo para aqueles alumnos que realizaran modificación ou ampliación de matrícula.

5.- Os estudantes deberán presentar na Secretaría Administrativa da Escola o impreso de solicitude (AnexoI) debidamente cumprimentado xunto a documentación acreditativa de ser necesaria.

4.- A Dirección da Escola resolverá e publicará nos medios de información do centro unha listaxe provisional coas solicitudes admitidas e excluídas e establecerá un prazo para a presentación de reclamacións e rectificación de solicitudes.

Publicaranse dúas resolucións independentes, unha para o primeiro prazo e outra para o segundo. Estas resolucións publicaranse nun prazo non superior a 7 días dende a data de finalización dos prazos de solicitude.

5.- Finalizado o prazo de reclamacións publicarase no taboleiro e na páxina web do centro a listaxe definitiva coa relación dos cambios aceptados.

6.- A resolución do Director sobre concesión e denegación de solicitudes de cambio podera recorrerse en alzada perante o Reitor no prazo dun mes dende que se ditou o acto.

7.- Comunicarase aos profesores ou coordinadores das materias afectadas os cambios realizados.

ANEXO I

IMPRESO DE SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO

APELIDOS:	NOME:
D.N.I.:	TELÉFONO:
ENDEREZO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

Alumna/o do \_\_\_\_\_ da Escola Técnica Superior de Enxeñaría no actual curso \_\_\_\_\_, vista a CONVOCATORIA DE CAMBIO DE GRUPO de data \_\_\_\_\_

EXPÓN QUE:

POLO QUE SOLICITA:

Permuta (Intercambio de grupo entre 2 estudantes)\*

Cambio de grupo xustificado

Cambio de grupo non xustificado

DOCUMENTACIÓN QUE APORTA:

\*Debe indicar o nome do estudante co que permuta e o seu D.N.I. no apartado de documentación que se aporta.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

(Sinatura alumno que permuta)

(Sinatura solicitante)